

**N**enos y nenas da escola pública de Tapia “Príncipe d’Asturias” qu’estudian, xogan y pásanlo ben cúa súa fala mándannos un feixe de cousas escritas por ellos. Hai de todo: cántigas, contos, xogos... Pero hai tanto que nun coubo todo y tuvemos qu’escoyer. Esta é a primeira “remesa”. Eso si: nun pensedes que nos queixamos porque os nenos nos manden muito. Al rovés, quén nos dera qu’houbera muitos máis “escritores” y “escritoras” novos.

## SITOS GUAPOS

### • A VIGUÍA

A Viguía é mui guapa pra min. É mui verde. Hai abondas casas, sobre 35. Hai cerca das Fonsarias tres cascadas. Hai muita augua porque pasa El Río Porcía. Hai muito mel. Hai un pozo nel río que se chama A Cabarquía.

Hai úa ponte romana. Hai 25 anos veu úa riada y tiróu un pouco pero volvéuse a construír. Na Viguía hai dúas partes: A Viguía y Xarén. Eu vivo na Viguía, nel barrio del Carbayo. Na Viguía hai tres barrios: El Carbayo, As Murias y El Borcedo. Y a fala é gallego-asturiana.

*Alba Lombardía Fernández, 11 anos, A Viguía.*

### • A PENEIDRADA

É un dolme qu’hai en Campos. Dican qu’a noite de San Xuan sale d’allí úa mora. Se te ve tírache un peñe d’ouro y quedas encantado pra sempre. Por eso dican qu’os penedos qu’hai por allí son homes encantados. El día de San Xuan, se vas hasta el ribeiro dican que se pode ulir a pan cocido.

*Álvaro Méndez Moirón, Campos.*

### • A PENA DO ENCANTO

Érase úa vez cuatro nenos que se chamaban Marcos López, Fran, Jose y Marcos Prieto. Nel brao del 2010 foron de vacacióis a Abres. El día de San Xuan foron á Pena do Encanto, parecúeyes a encantada y abríuyes un camín pola cascada. Elos entraron y úa lóntriga diciuyes por señas que la siguiran. Siguíronla y chegaron a un sito unde taba a encantada, que yes dixo qu’eran os escoyidos pra cuidar A Pena do Encanto pero que tían que fer úas probas y, se las pasaban, serían os guardiáis hasta que chegaran os próximos escoyidos.

A primeira proba era escoyer entre un amigo ou un millón de pesetas y todos escoyeron el amigo. El outra era salvar un animal que se taba afogando. Todos lo salvaron. El última proba era resolver falando os problemas que tían.


Despós d’esto protexeron A Pena do Encanto hasta que chegaran os próximos elexidos.

*Marcos López Ramos, 11 anos, Acebedo.*

## Adivianzas


- Parece que tou volando, pero por un filo tou colgando. [vuzw v]

*Candela Torres, 9 anos, Tapia.*



- Bota y bota sin parar, y dáseye cúa mao sin cesar. ¿Qué é? [vtojed v]

*Covadonga Perillán, 9 anos, Tapia.*



## XOGOS



Carmen García Gayol, 9 anos (Campos).

### Ditos

• ¡Hola! Chámome Carmen y vou cuntarvos este dito que me cuntóu mía bola Lola, que vive en Campos como eu.

“Vén Pedro Cego por debaixo da porta dicindo ás muyeres que pousen a roca; vén Felipón dicindo que non, que tein que filarye el sou camisón.”

Carmen García Gayol, 9 anos, Campos.

- “-Á pereza, ¿ques pan?
- Sí, señora, se mo dan.
- Vai pol cuielo.
- Non, señora, nun lo quero.”

Violeta Méndez, 9 anos.

• “Caseiros que nun pagan renta, ¡afora!”. Este dito cuntóumo Nacho Carbajales y a él cuntóuyo súa bola.

Ana García López, 9 anos, Tapia.

### • AS ANDUCAS

Chámome Sofía y gústame muito xogar cuas anducas. É un xogo mui divertido pero algo peligroso porque se perdes el equilibrio caes pal tarrén.

As anducas son us palos rectos ben curiosos de cualquier tamaño, que nun sean mui pequenos. Tein que ter us palos pr'apoyar os pés, que se non teis que tar engalando nel aire. É mui difícil aguantar máis de quinze minutos.

A gracia del xogo é aguantar de pé encima das anducas y andar con elas. Cuas anducas poden ferse muitas carreiras con outros compañeiros.

Sofía Castealo Díaz, 12 anos, A Ventosa (Mántaras).

### • EL ARO

Hai muitos xogos tradicionales pero eu vou explicar ún d'elos: os aros. El aro ta formao por dúas partes: úa el aro y outra a varilla dobrada. El xogo consiste en conseguir rodar el aro el mayor tempo posible.

Adriano García Suárez, 11 anos, Tapia.

### • EL ESCONDITE

Chámome Aroa y vou dicir cómo se xoga al escondite, porque é el meu xogo preferido. Primeiro hai que rifar pra ver quién cunta y os demáis escóndense. As regras son: nun se pode mirar, nun vale enganar, nun poñerse detrás del que cunta y nun cuntar mal.

El que cunta vai buscar a os demáis que tán escondidos. Condo el que cunta nun ta unde cuntóu, os demáis poden salir y tocar el sito y dicir “por mín” y asina sálvanse. Y se el que cuntóu lo ve dice “por Ana, por Xuan, etc.”. Condo víu a todos, empezan outra vez cuntando outro neno.

Perde el que dían el primeiro ou el último.

Aroa M<sup>a</sup> González Lanza, 11 anos, A Ventanova.

### • POLIS Y CACOS

¡Hola! Chámome Sara, teño doce anos y vou cuntarvos un xogo que me gusta muito: chámase “polis y cacos”. Xógase asina: tein que ser un montón de nenos y nenas. Us tein que ser polis y outros tein que ser cacos. Os polis tein que piyar a os cacos y os cacos tein qu'escapar y se los piyan os polis tein que poñerse unde cuntaron os polis. Os compañeiros dos cacos tein que salvarlos. Y se al final os polis piyan a todos os cacos, cambían de posto.

Sara Gabarre Iglesias, 12 anos, Tapia.

